


# Educacións en prisión. Experiencias en Galicia

Martes 30 de outubro de 2018  
Facultade de Formación do  
Profesorado (Lugo)



SEMINARIO

## Educacións en prisión. Experiencias en Galicia

Martes 30 de outubro de 2018  
Facultade de Formación do  
Profesorado (Lugo)

Financia e colabora



# Educacións en prisión. Experiencias en Galicia

## Presentación

Sabemos que a prisión debe perseguir o fin social que lle dá sentido e lexitimidade, é dicir, orientar toda a súa actividade a favorecer a reeducación e reinserción, fins constitucionalmente establecidos. Sen embargo, esta misión presenta importantes limitacións: educar na responsabilidade nun ámbito que prima a seguridade e o control, onde as posibilidades de participación real están moi limitadas; ensinar a vivir en liberdade nun contexto de privación de esta; ou (re)socializar fóra da sociedade.

Os centros penais, en tanto que institucións sociais, educan polo simple feito de existir, polo que é relevante reflexionar na definición da orientación das educacións en prisión. Falamos intencionadamente de “educacións”, en plural, porque fronte ao reduccionismo que concibe o dereito á educación restrinxido á formación regulada ou á escolarización, apostamos por un dereito á educación inscrita no marco da vida, nos diferentes contextos, espazos, tempos e actividades; dereito que revalorice os aspectos éticos e culturais.

Son moitas e diversas as iniciativas que se están a impulsar nas prisións dende esta perspectiva educativa, pero tamén enormes as limitacións que soportan, tanto dende os marcos reguladores como de financiamento.

## Obxectivos

- Afondar e reivindicar o valor da educación como elemento primordial na función (re)educadora da prisión.
- Analizar os límites e potencialidades das accións educativas neste contexto.
- Divulgar e compartir as iniciativas que se están a desenvolver en Galicia.
- Crear unha rede ou dinámica de traballo conxunto que permita fortalecer o traballo educativo nas prisións galegas.

## Persoas destinatarias

Diríxese a persoal dos centros penais galegos (dirección, tratamento, escola e vixilancia) e a entidades externas (profesionais e voluntariado), así como a profesionais da educación interesados polo ámbito penitenciario.

## Entidades organizadoras

- Asociación Aliad Ultraia (Lugo).
- Grupo de investigación SEPA-interea da Universidade de Santiago de Compostela.

## Comité organizador

- María Barba Núñez (Aliad-Ultraia).
- Carmen Morán de Castro (Universidade de Santiago de Compostela).
- Laura Cruz López (Universidade da Coruña).

## Programa

- 10:00 a 10:30 - Apertura
- 10:30 a 12:00 - Conferencia. *Orientacións pedagóxicas para non perderse nas prisións*. Fernando Gil Cantero (Universidad Complutense de Madrid)
- 12:00 a 12:30 - Descanso - café
- 12:30 a 14:30 - Mesa de experiencias. *Iniciativas educativas nas prisións galegas*
- 14:30 a 16:00 - Xantar
- 16:00 a 18:00 - Obradoiro de traballo. *Estratexia de traballo colaborativo para fortalecer o labor educativo das prisións galegas*. Coro González e Lorena Durán (Asociación Extramundi)
- 18:00 a 18:30 - Descanso
- 18:30 a 20:00 - Conferencia. *O papel indiscutible da sociedade civil na función restaurativa da prisión*. Enrique Arnanz Villalta (sociólogo e filósofo)

## Datas e lugar do evento

Martes 30 de outubro de 2018.

Facultade de Formación do Profesorado (Lugo)

## Inscrición

Realizarase través do [formulario online](#), de forma grupal ou individual.

O período finaliza o 1 de outubro de 2018.

## Envío de experiencias

Os equipos ou persoas interesadas en presentar experiencias educativas no Seminario deben sintetizar o seu contido na [ficha](#) e enviala ao correo electrónico [convivencia.prision@gmail.com](mailto:convivencia.prision@gmail.com) ata o 17 de setembro de 2018.

As experiencias aceptadas mostráronse en paneis expositivos, seleccionándose unha mostra para a súa presentación oral, atendendo aos seguintes criterios:

- Diversidade de ámbitos de actuación.
- Representación dos diferentes centros penitenciarios galegos.
- Potencialidade da iniciativa en termos educativos e de innovación social.

## Máis información

[convivenciaprision.wixsite.com/plana-sc/seminario](http://convivenciaprision.wixsite.com/plana-sc/seminario)

[sepa.gal](http://sepa.gal)